



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE
INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE REDONDELA PARA A MELLORA DA
TRAVESÍA DA PO-323, PPQQ 0+480 A 1+840**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Infraestructuras, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Infraestructuras ten previsto formalizar co Concello de Redondela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31.12.2018

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento das bases de colaboración económica entre a Xunta de Galicia e o Concello de Redondela para a mellora da travesía da PO-323 entre os ppqq 0+840 e 1+840.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Reurbanización do tramo central da travesía da PO-323, de forma que se mellore a seguridade viaria e o funcionamento urbano dos usos rodados e peonil no núcleo de Chapela, á vez que se reforman os servizos urbanos; drenaxe, saneamento, abastecemento e alumado público, todo iso co obxecto de adecuar a travesía á actividade urbana que nela se desenvolve tanto na actualidade como a que se espera no futuro.

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica, Plan MOVE, contempla como unha das súas liñas básicas a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade





das persoas.

O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 ten como obxectivo estratéxico 2 a consecución de vías de tránsito e mobilidade máis seguras.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 16 de marzo de 2017.

